



Concello de FERROL  
Departamento de Sanidade, Consumo e Mercados

En contestación ao escrito recibido na Federación de Servizos de CCOO de Galicia, sobre exp. 2024036909 con texto:

*"As empresas Mercadona e Alcampo remitiron a este Concello sendos escritos nos que solicitan que o Concello de Ferrol trámite perante a Consellería competente a modificación dos festivos recollidos na referida orde. Solicitan o seguinte:*

*Mercadona: Que se permita a apertura o 1 de novembro a cambio do 8 de decembro*

*Alcampo: Que se permita a apertura o 7 de xaneiro e o 21 de abril, festividades locais en Ferrol. Non especifica a cambio de qué días".*

#### EXPOÑEMOS

Unha vez máis, dende CCOO, entendemos que nada substancial cambiou nos últimos anos con respecto ao que implica a apertura de domingos e festivos para as condicións de traballo das plantillas nas empresas do sector, que seguen a ver precarizadas as mesmas con prolongacións de xornadas, incrementos de xornadas irregulares e impedindo a conciliación da vida laboral e familiar.

Polo exposto anteriormente,

#### COMUNICAMOS

Que dende a federación de servizos de CCOO de Galicia, rexeitamos as aperturas en domingos e festivos, e nos ratificamos na idea de que sen estas aperturas, o horario comercial xa abastece suficientemente as necesidades comerciais, e a ampliación so serve para deteriorar áinda máis a posibilidade de conciliar a vida laboral e familiar, xerando un prexuízo notorio a todos os traballadores e traballadoras do sector.

A Coruña a 22 de outubro de 2024.

